

Concello de Outes

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA¹

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do Regulamento do **Programa "Outes Concilia" que comprende os seguintes servizos: Madrugadores, Tardes Divertidas, Tempo de Nadal, Tempo de Entroido, Tempo de Pascua e os Campamentos de Verán**, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de *10 días naturais* a patires do día da publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	<i>Aprobar un regulamento para a prestación e xestión do Programa "Outes Concilia". Promover a mellora e ampliación dos servizos municipais de conciliación que na actualidade son insuficientes para cubrir as necesidades da maioría das familias.</i>
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	<i>Potenciar e regular os recursos municipais a favor da conciliación e corresponsabilidade, obxectivos estratéxicos a nivel social que favorecen a superación das desigualdades</i>

¹ Poderá omitirse este trámite cando a proposta non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigações relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia. De igual maneira, poderá prescindirse deste trámite no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración Xeral do Estado, a Administración autonómica, a Administración local ou das organizacións dependentes ou vinculadas a estas, ou cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen.



Concello de Outes

	<i>entre mulleres e homes na consecución dunha sociedade mais equitativa.</i>
Obxectivos da norma	<ul style="list-style-type: none">• <i>Establecer unhas normas de organización e funcionamento do Programa "Outes Concilia".</i>• <i>Incrementar a transparencia dos servizos de conciliación.</i>• <i>Dotar de estabilidade ao programa.</i>• <i>Facilitar as familias de Outes conciliar a súa vida laboral e familiar a través de servizos municipais.</i>• <i>Garantir un uso responsable dos servizos de conciliación.</i>• <i>Impulsar un cambio de mentalidade dirixido a acadar un equilibrio no reparto de responsabilidades no ámbito doméstico, familiar e de coidados.</i>

En Outes, no día da data sinalada á marxe

O alcalde, Manuel González López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 96CYK5TXL9DFK6NGYTNJUE3K | Corrección: <http://outes.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2